

## ACORDO DA COAP DO 24 DE MARZO DE 2017 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA A CATEDRÁTICA/O DE UNIVERSIDADE NO ANO 2016

No Consello de Goberno que tivo lugar o 16 de decembro de 2016, aprobáronse os criterios de selección das áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2016, delegando na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), a selección das áreas de coñecemento e a creación das prazas correspondentes.

En aplicación deste acordo de Consello de Goberno e unha finalizado o prazo de alegacións, a COAP na sesión do 24 de marzo de 2017, tomou o seguinte **ACORDO**:

-Aprobar a convocatoria de **catro prazas de catedrática/o de universidade** atendendo ao procedemento do criterio I e a convocatoria de **oito prazas de catedrática/o de universidade** atendendo ao procedemento do criterio II, nas áreas de coñecemento relacionadas no **anexo I**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 24 de marzo de 2017

A presidenta da COAP



Ana M. Graña Rodríguez

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída Nº. 201700005130 24/03/17 14:22:10

## ANEXO I.

1-Relación definitiva, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas, unha vez aplicado o criterio I (CG 16/12/16)

ÁREA,	DPTO	CAMPUS
FISIOLOXÍA VEXETAL(412)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO(C02)	VIGO
FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA(415)	FUNDAMENTOS DE ANÁLISE ECONÓMICA E HISTORIA E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS(X08)	VIGO
MICROBIOLOXÍA (630)	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE(C01)	VIGO
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS(800)	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (T14)	VIGO

2-Relación definitiva, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas unha vez aplicado o criterio II (CG 16/12/16)

ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA(240)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	OURENSE
EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA (245)	DIDÁCTICAS ESPECIAIS (X05)	PONTEVEDRA
FILOLOXÍA GALEGA(370)	FILOLOXÍA GALEGA E LATINA (H03)	VIGO
FILOLOXÍA INGLESA(345)	FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ(H04)	VIGO
LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS(570)	INFORMÁTICA (T15)	OURENSE
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS(650)	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING (X09)	VIGO
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA(785)	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA (T11)	VIGO
TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN(814)	TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA (H12)	VIGO

